

OBRADOIRO DE XOGUETES

OS XOGUETES ESQUECIDOS II (DA CULTURA TRADICIONAL GALEGA)

Bailarete de caixa

Primeiro hai que facer unha roda cunha táboa estreita, duns 8 cm de diámetro, despois fáiselle un furado de 1 cm aproximadamente de diámetro. Faise un eixo duns 15 cm de longo e do mesmo ancho que o furado da roda, rematado nunha punta cónica que se mete polo furado da roda deixándoo ben axustado. A continuación faise un mango dunha soa peza, tamén duns 15 cm, rematado en forma cadrada cun burato central, para metelo polo eixo, máis ancho do medio para baixo, e cun furado lateral para introducir por el un cordello. Enrolase o cordello dende a base do eixo uns 5 cm e métese a punta do cordello polo furado lateral do mando dende dentro para fóra. Suxéitase o mango cunha man ao mesmo tempo que agarramos o eixo entre o dedo índice e o corazón, tiramos forte polo cordello e ceibamos o eixo. Deste xeito facémolo bailar.

Billarda

Primeiro hai que buscar un pau de madeira dura duns 50 cm de longo e 3 de ancho aproximadamente. Despois cóllese outro pau duns 15-20 cm e o mesmo ancho que hai que aguzar polos dous extremos. O primeiro pau chámase palanca e o segundo billarda.

Monecos de maíno

Cóllese unha mazaroca e átase a folla cara á punta con fío na dirección da barba ou pelo do maíno. De seguido córtase a folla da parte de abaixo, se se quere que sexa un moneco, deixando unha pequena separación co fío co que se amarróu. Agora xa só falta facerlle un corte de pelo ou peiteado e poñerlle lazos, etc.

Moneca de folla de millo

Faise enrolando as follas de millo e dobrándoo polo medio, procurando darlle forma de cabeza; átase por onde vai ser o pescozo e quedan aínda follas para facer o corpo; despois dobramos outras follas, enrolándoo sobre si mesmas, atámoslles as puntas e metémolas entre as follas que baixan da cabeza, amarrándoo fortemente por debaixo e xa temos os brazos; facemos outra vez o mesmo para as pernas e con outras 4 ou 5 follas cortadas a medida facémolles unhas saias todo ao redor dela e atámola á cintura, por debaixo dos brazos simulando un cinto; facémolles o pelo cos pelos da mazaroca e tapámolo cunha folla coa parte da base da espiga, facendo de pano ou gorro que se prolonga polas costas e amarramos ao pescozo.

Trapecista

Nunha táboa fina ou cartón grosso débúxanse as partes dun boneco articulado, recórtanse e únense. De seguido, con 2 paus estreitos de 30 a 40 cm e outro duns 5 cm facemos un aparello con forma de H maiúsculo no que facemos 2 furadiños nos 2 brazos dun extremo, facemos tamén 2 furadiños en cada man do boneco e pasamos un fío, facendo zigzag, dende un dos brazos ata o outro pasando polas mans do boneco e volta, tamen en zigzag deica o outro

furado do brazo no que empezamos e amarrámolo ben tenso. Funciona premendo os dous brazos da base.

Trenzas

Con xuncos, la... Con, polo menos, 3 cabos facer unha trenza.

Brincapalletas

Cunha cana de trigo, centeo... cortábase a palla entre dous nós e, nun extremo, facíanlle 4 gallas duns 2 cm. Despois recollían unhas pequenas boliñas que tiñan as follas dos carballos, botábanas unha a unha entre as gallas e sopraban polo outro extremo coa palla vertical facendo que a boliña bailase impulsada polo aire. Para este enredo a mellor palla era a de avea.

Burro de folla

Faise con follas de millo. Empézase pola cabeza. Hai que envolver 4 ou 5 follas ben apertadas, déixase a parte da base da mazaroca para facer o fociño e a uns 6 cm dóbrase e átase forte con fío para simular a cabeza. Aínda quedan follas para o pescozo, que debemos ir atando e enganchoando a outras que farán o corpo deica o rabo, deixándolle as puntas esfarrapadas. Agora hai que facer as patas enrodando 5 ou 6 follas, enganchoadas en sentido oposto e sempre coas puntas cara a fóra, cortámolas e atámolas nese punto para que non se desfagan. Dóbranse pola metade e colócanse por riba do lombo, ben atadas en forma de cruz por baixo. Todas estas ataduras tápanse colocando un par de follas por riba do lombo en forma de manta e coa base cara á cabeza, atadas ás patas dianteiras e traseiras, momento que aproveitamos para atar o rabo á altura do cu. Finalmente cortamos unhas tiras de folla estreitas, dobrámolas polo medio, atámolas no pescozo cara arriba e recortámolas para simular as crinas.

Cachorrillo

Buscábase un pau coa forma curva de pistola. Facíaselle un pequeno asento cóncavo para asentar nel cun cravo ou arame un anaco de cana duns 15 cm, facéndolle coincidir contra a culata co buratiño do encaixe do peito que fará de cheminea. Xusto detrás, enriba da culata crávase unha pinza coa parte de abaixo cortada polo rabo e máis a parte dianteira. Á parte de arriba débese cravar un pequeno cravo a xeito de petador.

Canoa de faba

Coa vaiña das fabas aberta pola parte cóncava e baleira, póñenselle dous carabullíños para manter separadas as dúas paredes. Xa temos a canoa.

Carraca

Carraca I. Para construíla compren 2 táboas de madeira dura pero que sexa doada de traballar, duns 25 cm de longo e uns 5 cm de ancho. Redondéanse polo extremo no que vai o eixo e, nese mesmo extremo fáiselles un furado do mesmo ancho que o eixo e ben centrado a uns 2,5 cm do borde. Búscase un taco cúbico de madeira do mesmo ancho. Prepárase un pau duns 20 cm que vai ser o mango, deixando a metade para agarrar e o resto rebaixado cun grosor de 1

cm e ben redondiño e liso. De seguido faise unha roda dentada do mesmo grosor que as táboas e o taco e rebaixada en forma de estrela, deixándolle un furado no centro da mesma anchura que o eixo. Finalmente faise a lámina, da mesma anchura que o taco e uns 4 cm máis curta que as táboas. Para a súa montaxe collíase unha táboa e cravábaselle o taco no extremo recto e a este a lingüeta, metíaselle o eixo, logo a roda dentada, moi xusta ou cravada, procurando deixar a lingüeta atravesada e montada nun dente. Por último introducíase a outra táboa no eixo e cravábase no taco.

Carraca de cana. Cóllese un anaco de cana duns 30 cm e cortada por dous nós. Nun extremo, por riba e por debaixo, a uns 2 ou 3 cm do nó fáiselle un corte transversal duns 2 cm e 2 lonxitudinais ata uns 2 ou 3 cm do nó interior. Pola parte de arriba déixaselle unha lámina de máis ou menos a metade da longura que será a que faga o ruído ao rozar contra unha roda dentada que debemos facer cun anaco de táboa, unha vez introducida nese oco e enganchada a un eixo duns 10 cm, que servirá como mango para poñela en movemento.

Reque-reque

Cóllese unha cana duns 40 cm de longo e fánselle uns dentes separados un ou 2 cm. Pódese dentar toda a cana ou deixar unha parte sen dentar para agarrala por aí. Para tocala, rabúñase nela de maneira rítmica cun pau ou unha cana estreita.

Zoadeira de botón

Un botón grande e un metro de fío forte. O fío métese polos furados (polo menos por 2, os opostos, ida e volta) e átase polos extremos. Para facelo funcionar hai que coller o fío polos 2 extremos, darlle moitas voltas e, despois, tensar e destensar o fío.

Casa de pedra e ponte.

Feitas con pedriñas e barro.

Camión e coche

Unha táboa fina de chasis, as rodas de carretes e ... maña e imaxinación. Para o resto do vehículo podemos usar latas de conserva, cartóns de leite ou zume, arame...

Tren

Con varias caixas. Fúranse no centro de cada un dos lados estreitos das caixas e pásase unha piola a través deles que una todas as caixas, tendo coidado de facer un nó na entrada e na saída de cada caixa e deixándoo o suficientemente longo para poder tirar por el.

Corno

Un corno de vaca ao que se lle corta a punta para facerlle a embocadura para facelo sonar. Pódense conseguir no matadoiro. No seu defecto pódese usar un tubo plástico.

Dardo

Dous escarvadentes, un alfinete e unha folla de papel e fío.

Dóbrase en 4 dobreces en forma de triángulo o papel. Móntase o papel nun extremo e o alfinete no outro entre os 2 escarvadentes e asegúrase todo amarrándoo co fío e xa temos o dardo.

Diábolo

Un carrete de fío e un pau que sirva de eixo.

Aprovéitanse as 2 partes cónicas do carrete e únense co pauciño. Xa só precisamos dous paus finos duns 30 cm e unha piola para facelo bailar.

Escopeta

A unha táboa dásele a forma da culata e soporte da escopeta, crávanselle 2 puntas no extremo dianteiro e amárranse a elas unhas gomas elásticas de cámara de bici ou ... Dispara coma un tirafondas.

Pistola con pinza

Cóllese un pau con forma de pistola e féndese o cano á metade en sentido lonxitudinal e horizontal, seguidamente, crávase unha pinza polo furado do resorte, deixándoa un pouco saída pola parte de atrás e cravando outra punta na cabeza do cano, atase a unha goma un resorte de outra pinas e apértase coa pinza cravada ao mesmo tempo que se engancha na punta do cano. Para disparar só fai falla apertar a pinza para ceibar o resorte coa goma que fai de proxectil.

Pistola de pinza

Cóllense dúas pinzas; a unha delas deixámola tal cual e desmontamos a outra e sacámoslle o resorte; introducimos unha das partes desta pinza na outra e suxeitamos o resorte, a xeito de gatillo, na fenda cóncava, por arriba, e na máis estreita, por abaixo, quedando así aseguradas as dúas pinzas; no medio das dúas ponse un pequeno proxectil con outra parte da pinza, un gran de millo... e só queda premer o gatillo cara atrás e sae disparado o proxectil.

Fonda

Un anaco de coiro duns 5 por 10 cm sacado dun zapato vello ao que se lle fai un furado en cada extremo. En cada furado amárrase unha piola duns 50 cm.

Foguete de chave

Unha chave grande, das antigas, que tiñan un oco no extremo, unha punta grande á que se lle aplana a punta e que entre casi xusta polo furado da cana da chave e amárranse ambas coa mesma piola, duns 80 cm, cada unha en cadanseu extremo. Métense no furado da chave varias cabezas de mistos, métese a punta no furado e agarrando todo pola piola, bátese contra a parede facendo estoupar os mistos.

Frautas

Frauta con papel de fumar. Córdase un anaco de cana entre 2 nós, deixando un lado aberto. A uns 4 cm do lado aberto fáiselle un furado redondo de menos de 1 cm de diámetro polo que se vai soprar. Se se quere que dea varias notas fánselle varios furados máis. Por último pónselle o papel de fumar tapando o extremo aberto e o máis tenso que se poida e amarrado con fío.

Frauta traveseira. Un tubo de cana con tres nós. Córdase un nó dun extremo e a través del ábrese o central. Polo outro extremo, o pechado, faise un furado para soprar a 1 cm cara ao interior do nó e cara ao outro extremo fanse os outros furados, equidistantes.

Muller de castaña

Cóllese unha castaña grande na que debuxamos, gravamos ou pegamos os ollos, nariz e boca; a continuación pónselle o pelo colando na parte máis ancha varias febras de la.

Ioio

Coas cabezas dun carrete de fío ou dous botóns pesados (o que se empregue deberá ser canto máis pesado mellor). Pónselle un eixo fixo e moi axustado no que se amarra moi forte un fío, que se enrola arredor do eixo para facer bailar o ioio.

Lancha de táboa

Faise cunha táboa duns 15 cm de longo, 5 ou 6 de ancho e uns 5 mm de grosor. Dáselle forma de barco e na popa sácaselle un anaco rectangular duns 4 cm de longo por 2 de ancho. A continuación faise a hélice, máis estreita no centro, cun pedazo de madeira duns 5 cm de longo e de menos de 2 de ancho. De seguido fanse uns rebaixas no barco a 1 cm do extremo da popa onde se coloca unha goma do pelo ou de oficina no medio da que se pon a hélice, que se xiraba na goma no sentido contrario ao da navegación e botábase á auga. Ao irse desenvolvendo a goma, a hélice xira e impulsa a lancha.

Xilófono

Varias canas de tamaños decrecentes que se cortan ao rente polo exterior de 2 nós. Fúranse a 1 cm do nó polos dous lados e pásaselle unha piola polos furados deixando unha distancia mínima de 2 cm entre cada 2 canas e atábase ao final deixando un anaco grande de corda para colgalo do pescozo. Tócase cunha baqueta de pau ou cana rozando de arriba abaixo ou de abaixo arriba o xilófono ou reque-reque.

Tarabela

Faise unha hélice de lata cortándoa cunhas tesoiras nunha lata de conservas e cravándoa nun eixo de maneira que quede o suficientemente frouxa como para poder xirar. No outro extremo do eixo encáixaselle unha táboa estreita a modo de temón. Despois crávase na parte superior dun pau duns 50 cm de maneira que lle servise de soporte para agarrala así como de eixo (o furado debe ser maior que o diámetro da punta coa que cravamos a tarabela ao eixo).

Mazo

Consiste nun martelo de madeira cun eixo atravesado na punta do mango e asentado en dous soportes cravados nunha táboa de madeira. Para accionalo agárrase a táboa por un extremo e faise un movemento de vaivén para que o martelo pete nun extremo e no outro da táboa.

Muíño de cartolina

Faise un cadrado de cartolina, trázanselle as diagonais e despois dende os vértices córtase ata a metade de cada semidiagonal, préganse dende as puntas cara ao centro de xeito alterno; finalmente estas 4 puntas, xa unidas no centro, crávanse cunha chatola ou alfinete nun carabullo que serve de mango.

Parrulo

Cóllense varias follas de millo, papel... e enrólanse ben apertadas e dóbranse polo medio atando cada parte polas puntas. De seguido únenselles outras, tamén atadas atadas e fánelles a forma das patas palmípedes dobrándoas en ángulo recto e volvendo a atar. Xa está feito o pescozo e as patas, atamos as dúas partes fortemente, da metade para arriba e queda un furado na dobrez; por aquí introducimos dobrado un anaco de follas e atámolo na punta con varias voltas de fío e xa temos a cabeza e o peteiro. Finalmente, para facer o corpo, só temos que coller outras follas máis anchas, rodear as patas polo medio e atar na punta con varias voltas para que fiquen ben apertado o corpo e as extremidades.

Pelota de trapo

Cóllense trapos ou papeis, faise unha bola grande con eles e métense nunha media gorda ou nun calcetín, apértanse ben apertados, estírase a media, retórcese e dóbrase outra vez por encima da bola, así unha e outra vez ata que se chega á boca da media e amárrase forte para que non se desfaga.

Teléfono

Con botes de lata, caixas de mistos, vasos plásticos ou o cu de botellas de plástico. No fondo do vaso plástico ou calquera dos recipientes mencionados, faise un furadiño. Seguidamente, cun fío ou, mellor, tanza, unimos os dous vasos facendo en cada extremo un nó para evitar que se escape. Para que funcione, o fío debe estar tenso e non pode tocar en ningún obxecto.